Programación Docente de REPERTORIO ORQUESTAL FAGOT I-IV

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015 , do 29 de .outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA REPERTORIO ORQUESTAL FAGOT I-IV

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN							**ITINERARIO**	FAGOT
CARÁCTER	B) Obrigatoria							**TIPO DE CLASES**	Individual
DEPARTAMENTO	VENTO MADEIRA							**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	Ricardo Pazo
CURSOS	**1.º curso**		**2.º curso**		**3.º curso**		**4.º curso**		**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	Ricardo Pazo
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	**Horas de clase**	1
ETCS/ CUADRIMESTRE	3	3	3	3					**Observacións**	

	NOME E APELIDOS	**MAIL/TEL/WEB**	**TITORÍA**
DOCENTES	Óscar Araújo Comesaña	oscararaujo@csmvigo.com	Venres 10:30 – 11:30

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Estudo e práctica da literatura orquestral. Afondamento se é o caso, dos roles de cada instrumento dentro da sección. Desenvolvemento se é o caso, das capacidades técnicas e expresivas dos instrumentos afíns. Estudo da práctica dos instrumentos afíns se é o caso, no repertorio orquestral.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	Dado o seu carácter eminentemente práctico, a sinerxía principal dáse coa disciplina de Instrumento.
TRANSVERSAIS	T1, T3, T6, T13
XERAIS	X3, X6, X8, X10, X11, X15
ESPECÍFICAS	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	**COMPETENCIAS RELACIONADAS**
1. Interpretar obras representativas do repertorio orquestal de acordo ó nivel instrumental do alumno.	T1, T3, T6, T13, X3, X6, X8, X11, X15, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10
2. Coñecer a problemática dos distintos instrumentos e de cada combinación instrumental nas que interveña o alumno, aprendendo a adaptarse ás peculiaridades sonoras.	T1, T3, T6, T13, X6, X8, X10, X11, X15, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10
3. Diferenciar o seu papel como integrante de formacións, aprendendo a controlar a súa función.	T1, T3, T6, T13, X6, X8, X10, X11, X15, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10
4. Ampliación dos coñecementos sobre as estruturas musicais, fraseo, ornamentación, timbres, articulación e tempo e a súa adecuación aos diferentes estilos. Aplicación das regras de ornamentar ao repertorio da fagot de acordo coas esixencias das distintas épocas e estilos. Utilización de recursos como:doble picado,iniciación a utilización da respiración circular, e outros empregados actualmente na música contemporanea.	T1, T3, T6, T13,X3, X6, X8, X10, X11, X15,EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10
5. Empregar unha ampla e variada gama sonora, axustando o son en función dos demais instrumentos do conxunto e das necesidades estilísticas e interpretativas de cada obra.	T1, T3, T6, T13, X3, X6, X8, X11, X15, EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10

4. Contidos

TEMAS	**DESCRITOR SUBTEMAS**	**SESIÓNS**
Traballo da unidade sonora.	1.1. Timbre, vibrato, afinación, respiración, ataques… 1.2. Articulación, ritmo, agóxica e dinámica. 1.3. Fraseo.	TODAS
Estudo da sonoridade orquestal	2.1. Equilibrio de planos, rol a desempeñar na orquesta (acompañamento, solista, contrapunto, etc.)	TODAS
Interpretación	3.1 Interpretación do repertorio orquestal básico de diferentes estilos. 3.2. Interpretación acorde coa época e autor. 3.3. Análise da (obra/as). 3.4. Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.	TODAS

Práctica de lectura a primeira vista	4.1. Obras de menor dificultade, respetando e coidando a interpretación de todos os detalles da obra	TODAS
Interpretación pública	5.1. Interpretación -nas audiciones públicas organizadas polo departamento- dun programa integrado polo repertorio orquestal para fagot e contrafagot sinalado para cada cuadrimestre na bibliografía incluidos nos metodos de extractos orquestais citados igualmente en dito apartado. 5.2. Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética das pezas, a capacidade artística e de comunicación, a autonomía no desenvolvemento e aplicación destas capacidades.	2
	Total de sesións por cuadrimestre	**16**

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Presenciais. - Clases prácticas y Audición.	**16**		**16**
Non presenciais. – Traballo persoal.		**74**	**74**
Total de horas por cuadrimestre			**90**

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación contínua)			
Seguimento continuo	Valoraranse as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe. - Valorarase a implicación do alumno e o progresivo desemvolvemento da súa capacidade crítica e autonomía.	T1, T3, T6, T13,X3, X6, X8, X10, X11, X15,EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10	50%
Audición pública	Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética dos extractos orquestrais, a capacidade artística e de comunicación.	T13,X3,X6,X15,EI1, EI2,EI3,EI4,EI5,EI8, EI9,EI10	50%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Seguimento continuo	Valoraranse as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe. - Valorarase a implicación do alumno e o progresivo desemvolvemento da súa capacidade crítica e autonomía.	T1, T3, T6, T13,X3, X6, X8, X10, X11, X15,EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI8, EI9, EI10	50%
Audición pública	Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética dos extractos orquestrais, a capacidade artística e de comunicación.	T13,X3,X6,X15,EI1, EI2,EI3,EI4,EI5,EI8, EI9,EI10	50%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación contínua)			
Audición pública	Proba práctica: programa integrado polo repertorio orquestal para fagot e contrafagot sinalado para cada cuadrimestre na bibliografía incluidos nos métodos de extractos orquestrais citados igualmente en dito apartado. Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética das pezas, a capacidade artística e de comunicación, a autonomía non desenvolvemento e aplicación destas capacidades.	T13,X3,X6,X15,EI1, EI2,EI3,EI4,EI5,EI8, EI9,EI10	100%
EXTRAORDINARIA			
Audición pública	Proba práctica: programa integrado polo repertorio orquestal para fagot e contrafagot sinalado para cada cuadrimestre na bibliografía incluidos nos métodos de extractos orquestrais citados igualmente en dito apartado. Valorarase o control técnico, a coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética das pezas, a capacidade artística e de comunicación, a autonomía non desenvolvemento e aplicación destas capacidades.	T13,X3,X6,X15,EI1, EI2,EI3,EI4,EI5,EI8, EI9,EI10	100%
ERASMUS			

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

O alumnado procedente de países europeos será avaliado co mesmo criterio que o alumnado oficial. No caso de non completar un curso ou semestre enteiro, recibirá unha avaliación orientativa xunto cunha acreditación das horas lectivas realizadas, garantindo así a coherencia co sistema de orixe e o respecto á institución de destino. Naqueles casos que o Centro de orixe aconselle un repertorio determinado coa finalidade de defender un programa de Fin de Grao, o CSMVigo atenderá as casuísticas derivadas destas solicitudes.

En canto ao alumnado procedente de países non europeos, e recoñecendo o carácter inclusivo destas mobilidades, a avaliación combinará o rigor académico co respecto ás circunstancias individuais. Teranse en conta factores como a diversidade cultural, o proceso de adaptación e, de ser o caso, o impacto de situacións excepcionais ou de conflito nos países de orixe. A avaliación basearase nas competencias adquiridas, no progreso adquirido respecto ao nivel inicial e na actitude demostrada. As programacións e os obxectivos adaptaranse ás necesidades de cada participante, para garantir unha experiencia educativa xusta, enriquecedora e plenamente recoñecida.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

REFERENCIAS BÁSICAS

Karl Kolbinger, Alfred - Orchester Probespiel Fagott
Righini, F. - Il Fagotto in Orchestra
Seith, H.R - Orchesterstudien für Kontrafagott
Simpson, Peter – Bassoon Duets on Orchestral Excerpts
The Orchestra Musician's Library

REFERENCIAS COMPLEMENTARIAS

Repertorio Cuadrimestral:

I

Beethoven, L - Sinfonía nº 5
Beethoven, L - Violin concerto op. 61
Brahms, J. - Concierto para violín
Mozart, W.A. - A Frauta Máxica Mozart, W.A.
Mozart, W.A. - As Bodas de Fígaro
Mozart, W.A. - Sinfonía K. 550 en Sol m
Mozart, W.A. - Sinfonía Jupiter en Do M
Wagner, R. - Rienzi
Mahler, G. - Das Lied von der Erde (Contrafagot)

II

Mozart, W.A. - Sinfonía K.543 en Mib M
Mozart, W.A. - Sinfonía K.504 en Re M
Mozart, W.A. - Concerto per piano K.482
Ravel, M. - Bolero
Ravel, M. - Rapsodia Española
Rossini, G. - El Barbero de Sevilla
Tchaikovsky, Sinfonía nº 4
Beethoven, L - Fidelio (Contrafagot)
Brahms, J. - Sinfonía nº 4 (Contrafagot)

III

Brahms, J. - Sinfonía nº 1
Brahms, J. - Sinfonía nº 2
Donizetti, - Una Furtiva Lágrima
Haydn, J. - Sinfonía nº 8 "Reine"
Tchaikovsky, Sinfonías nº 4 , 5 y 6
Strauss, R. - Till Eulenspiegel
Wagner, R. - Rienzi (Contrafagot)

IV

Berlioz, H. - Sinfonía Fantástica op. 14
Brahms, J. - Sinfonía nº 3
Brahms, J. - Sinfonía nº 4
Ravel, M. - Rapsodia Española
Rimsky Korsakov – Scheherezade
Stravinsky, I. - Consagración de la Primavera
Brahms, J. - Sinfonía nº 4 (Contrafagot)
Strauss, R. - Tod und Verklärung (Contrafagot)

Programación Docente do Traballo Fin de Estudos (Fagot)

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015, do 29 de outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA TFE Fagot

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								**ITINERARIO**	FAGOT
CARÁCTER	TFE								**TIPO DE CLASES**	Individual
DEPARTAMENTO	Vento-madeira								**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	Ricardo Pazo García
CURSOS	**1.º curso**		**2.º curso**		**3.º curso**		**4.º curso**		**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	Óscar Araújo Comesaña
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	**Horas de clase semanais**	
ETCS/ CUADRIMESTRE	-	-	-	-	-	-	5	5	**Observacións**	

DOCENTES	Consultar táboa anexa

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Interpretación dun concerto público con elaboración e defensa dun traballo académico que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os adquiridos nas materias cursadas con anterioridade
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T4, T5, T6, T8, T14, T15, T16
XERAIS	X2, X3, X5, X6, X7, X8, X10, X13, X21, X25
ESPECÍFICAS	EI1, EI2, EI3, EI4, EI5, EI6, EI8, EI10

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Interpretación dun recital público de entre 45 e 70 minutos cun descanso opcional non computable que non supere os 15 minutos.	TODAS as do Apartado 2
Defensa dun traballo académico (TA) que poderá versar sobre diversos aspectos do repertorio elixido, do seu instrumento ou calquera outra temática relacionada coa especialidade e itinerario.	TODAS as do apartado 2

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
1. Preparación do programa de concerto	A aprobación do programa de concerto seguirá o procedemento xeral descrito na ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, así como tamén o recollido no *Protocolo do TFE* vixente para o curso académico actual.	
	O programa de concerto deberá estar integrado por pezas de diferentes estilos.	
	O alumno ou alumna poderá incluír no seu programa de concerto pezas de música de cámara. Para a interpretación destas obras o alumno presentará os seus propios instrumentistas acompañantes.	
	O programa de concerto poderá ser interpretado parcial ou completamente de memoria.	
	Segundo o ORDE do 21 de novembro de 2016 Artigo 37, **previamente o/a titor/a do alumnado, deberá achegar informe individualizado ao Tribunal do TFE** en relación ao desenvolvemento do proxecto e cantas outras circunstancias considere signicativas ou relevantes para a correcta avaliación do TFE.	
2. Recital público	O programa de concerto terá carácter público e será dunha duración de entre 45 e 70 minutos, cun descanso opcional non computable que non supere os 15 minutos.	
	A realización do programa de man correrá a cargo do/a alumno/a. Convén que conteña portada (indicando o nome do alumno, dos colaboradores e do titor/a), currículo do alumno e colaboradores, repertorio, e notas ao programa.	
	Respecto das copias a entregar das partituras do programa de concerto, seguirase o recollido no *Protocolo do TFE* vixente no curso académico.	

3. Elaboración do traballo académico (TA)	A aprobación do proposta do Traballo académico (**TA**) seguirá o procedemento xeral descrito na ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, así como tamén o recollido no *Protocolo do TFE* vixente para o curso académico actual.	
	O **TA** deberá ter una extensión mínima de vinte páxinas e deberá conter un resumo nun idioma extranxeiro e deberá desenvolver cando menos as seguintes seccións: • **Portada** (debe conter todos os datos identificativos: Título, Autor, Titor/a, Curso académico, Especialidade-Itinerario, Logo oficial do Conservatorio) • **Resumo**/**Abstract** (dous idiomas, un deles extranxeiro) • **Índice** • **Introdución** (xustificación do tema, estado da cuestión, obxectivos, hipótese (de ser o caso) e metodoloxía) • **Corpo do traballo** (organizado en capítulos, se é o caso) • **Conclusións / Resultados** • **Bibliografía** • **Anexos documentais** (opcional)	
	Respecto das características e número de exemplares a entregar do **TA**, seguirase o recollido no *Protocolo do TFE* vixente no curso académico.	
4. Exposición e defensa do TA	A exposición e defensa pública do **TA** non excederá no seu conxunto os 30 minutos de duración.	
	Ao remate da exposición (que non excederá os 20 minutos) o Tribunal poderá manter un debate co/a alumno/a sobre aquelas cuestións referidas ao contido do **TA** que os seus membros consideren oportunas. O debate non excederá os 10 minutos.	
	Poderase facer uso de software para apoiar a presentación, no que se pode incluír audio e vídeo se é necesario. Do mesmo xeito, tamén se pode apoiar a presentación coa interpretacións de exemplos ou pasaxes co instrumento.	

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Titorías individuais: orientación e seguimento da preparación do recital e da elaboración do TA. (Teranse en conta as sesións adicadas aos ensaios co/a pianista acompañante, de ser o o caso).	Variable, dependendo do número de sesións de titorías realizadas		6 - 20
Recital: interpretación pública ante tribunal do programa de concerto presentado .	2		
Exposición e defensa do TA: presentación e defensa da memoria do traballo académico elaborado.	1		
Traballo persoal: comprenderá ● o estudo do programa de concerto presentado ● a pescuda e a análise crítica das fontes de información para o desenvolvemento da temática do **TA**, a redacción da memoria e a preparación da exposición, empregando as ferramentas de software de edición e presentación axeitadas.		277 - 291	277 - 291
		Total de horas	**300**

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
Na sesión de cualificación posterior á interpretación do programa de concerto e á defensa do **TA**, seguiranse os criterios expostos no artigo 37.5 e 37.6 da ORDE do 21 de novembro de 2016. A acta final incluirá un informe do Tribunal. Para tal efecto, seguirase o modelo de rúbrica aprobado na CCP no curso académico vixente.			
Elaboración, exposición e defensa da memoria do TFE (Traballo Académico)	1. Rigor na aproximación ao obxecto de estudo desde unha perspectiva científica, performativa, histórica ou pedagóxica. 2. Claridade na redacción do texto, rigor no manexo e uso das fontes bibliográficas e no sistema de citas empregado. 3. Orixinalidade do obxecto de estudo, coherencia na estruturación do texto e na metodoloxía empregada 4. Interese dos resultados e/ou conclusións achegadas 5. Claridade e orixinalidade na exposición pública: estruturación axeitada, coherencia	TODAS	20%

	entre o contido da exposición e o corpo do TA, uso de ferramentas de apoio e/ou interpretación propia de exemplos musicais		
Recital	**1. Interpretación pública do programa de concerto amosando o necesario control técnico do instrumento. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas no concerto. Valorarase mediante os seguintes indicadores de logro:** 1.1. Dificultade do repertorio presentado. 1.2. Fidelidade ao texto: exactitude na execución das notas, ritmo, *tempi*, dinámicas, agóxicas, articulación, ornamentación e planos sonoros. 1.3. Dominio instrumental: control postural, limpeza e claridade do son, proxección do son, control do timbre, control da respiración e da emisión, e domínio das técnicas propias da música de vanguarda (de ser o caso). 2. **Interpretación pública do do programa de concerto amosando un estilo interpretativo coherente e concordante coa forma e estética de cada obra. Aplicarase a cada unha das obras interpretadas no concerto.** Valorarase mediante os seguintes indicadores de logro: 2.1. Fidelidade ao estilo segundo a tradición interpretativa: control da ornamentación, do rubato, das agóxicas e dinámicas, do fraseo e a articulación. 2.2. Fidelidade áos aspectos interpretativos inherentes á forma e estética musical. 2.3. De ser o caso, no repertorio de cámara ou con orquestra: unificación de criterios musicais e artísticos entre os membros da agrupación. 3. **Amosar as capacidades necesarias para a interpretación en público. Aplicarase dun modo xeral para todo o recital.** Valorarase mediante os seguintes indicadores de logro: 3.1. Adecuación do xesto á interpretación musical, posta en escea axeitada ao contexto artístico e estético da obra, coñecemento e respecto das convencións e tradicións do recital público. 3.2. Concentración ao longo do recital, control postural e da respiración, xestión da ansiedade escénica e control da memoria (de ser o caso). 3.3. Achega persoal ao enriquecemento da interpretación.	TODAS	80%

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

- Consultar o *Protocolo do TFE* vixente para o curso académico.
- ORDE do 21 de novembro de 2016 pola que se regula a ordenación das ensinanzas artísticas superiores de Música en desenvolvemento do Decreto 163/2015, do 29 de outubro, polo que se establece o plan de estudos das ensinanzas artísticas superiores de Música, nas especialidades de Composición, Interpretación, Musicoloxía e Pedagoxía na Comunidade Autónoma de Galicia (dog do 1 de decembro de 2016).

Programación Docente de HISTORIA DOS INSTRUMENTOS FAGOT

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015 , do 29 de .outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA HISTORIA DOS INSTRUMENTOS FAGOT

ESPECIALIDADE	INTERPRETACIÓN								**ITINERARIO**	FAGOT
CARÁCTER	B) Obrigatoria								**TIPO DE CLASES**	Colectiva
DEPARTAMENTO	VENTO MADEIRA								**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	Ricardo Pazo
CURSOS	**1.º curso**		**2.º curso**		**3.º curso**		**4.º curso**		**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	Ricardo Pazo
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	**Horas de clase**	1
ETCS/ CUADRIMESTRE						3			**Observacións**	

DOCENTES	**NOME E APELIDOS**	**MAIL/TEL/WEB**	**TITORÍA**
	Óscar Araújo Comesaña	oscararaujo@csmvigo.com	Venres 10:30 – 11:30

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Estudo da evolución histórica dos instrumentos. Coñecemento das características construtivas, funcionamento acústico e posibilidades técnicas e expresivas con relación ao repertorio.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requiridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T4, T6, T7, T8, T10, T13
XERAIS	X9, X10, X12, X14, X15, X20, X25
ESPECÍFICAS	EI2, EI4, EI6

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	**COMPETENCIAS RELACIONADAS**
Recoñecer auditivamente as diferentes características do Fagot o longo da súa historia.	T3,T4,T8,X9,X20,EI6
Coñecer en cada época as relacións entre constructor-intérprete-compositor e o seu resultado no desenvolvemento do Fagot.	T1,T2,T4,T6,T10,T13,X9,X 10,X12,X14,X20,X25,EI6
Coñecer as diversas convencións interpretativas do repertorio fagotístico especialmente as referidas a escritura rítmica ou a ornamentación.	T1,T2,T4,T6,T10,T13,X9,X 10,X14,X15,EI2,EI4,EI6
Audicións comparadas das obras máis representativas dende o século XVII ó XX interpretadas con instrumentos orixinais e actuais.	T3,T4,T8,T10,T13,X9,X10, X12,X14,X15,X25,EI6
Coñecer as diferencias entre as dúas grandes escolas francesa e alemana.	T1,T2,T4,T6,T10,T13,X9,X 10,X14,EI6

4. Contidos

TEMAS	**DESCRITOR SUBTEMAS**	**SESIÓNS**
Antecesores populares do Fagot nas diferentes culturas.	Instrumentos de dobre lingüeta en Grecia. Idade Media. Renacemento.	2
Evolución do Dulcián dende o século XVI ata o XVII.	O Dulcián en Europa e España, así como a súa importancia na música sacra. Repertorio do Dulcián. Papel do Dulcián na música da época. Selma e Salaverde.	3
Evolución do Fagot dende o século XVII ó XX	Evolución e adaptación do fagot solista, na orquestra e no repertorio camerístico. Evolución mecánica e tímbrica. Grandes intérpretes dos séculos XVIII,XIX e XX. Relación intérprete construtor.	4
A escola francesa e a alemana	Diferencias acústicas do Fagot Francés e Alemán, e como afectan a interpretación. Características principais das dúas grandes escolas francesa e alemá. W. Heckel e as súas achegas o desenrolo do fagot actual.	3
O século XX.	A música do século XX. As vangardas e o fagot. Efectos no fagot.	2
Avaliación	Traballo escrito de investigación. Proba escrita.	2
	Total de sesións por cuadrimestre	**16**

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Presenciais. - Exposicións maxistrais, avaliación e exposición e debate de traballos:	**16**		**16**
Presencial. - Titorías	**2**		**2**
Non presenciais. - Actividades complementarias e traballo persoal.		**72**	**72**
		Total de horas por cuadrimestre	**90**

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación contínua)			
Seguimento continuo	Valoraranse as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe.	T1,T2,T3,T4,T6,T7, T8,T10,T13,X9,X10, X12,X14,X15,X20,X 25,EI2,EI4,EI6	40%
Traballo práctico e exame escrito	Traballo escrito de investigación,no que o alumno debe presentar un tema relacionado coa materia valorandose a profundidade con que se presentan os contidos así como a sua orixinalidade. Valorarase a calidade das fontes consultadas e a presentación,coherencia e corrección na redacción do traballo. Proba escrita na que se valorará a capacidade para comunicar de forma clara e sinxela o desenvolvemento das cuestións plantexadas.	T1,T2,T3,T4,T6,T7, T8,T13,X9,X10,X12, X14,X15,X20,X25,E I6	60%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Seguimento continuo	Valoraranse as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe.	T1,T2,T3,T4,T6,T7, T8,T10,T13,X9,X10, X12,X14,X15,X20,X 25,EI2,EI4,EI6	40%
Traballo práctico e exame escrito	Traballo escrito de investigación,no que o alumno debe presentar un tema relacionado coa materia valorandose a profundidade con que se presentan os contidos así como a sua orixinalidade. Valorarase a calidade das fontes consultadas e a presentación,coherencia e corrección na redacción do traballo. Proba escrita na que se valorará a capacidade para comunicar de forma clara e sinxela o desenvolvemento das cuestións plantexadas.	T1,T2,T3,T4,T6,T7, T8,T13,X9,X10,X12, X14,X15,X20,X25,E I6	60%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación contínua)			
Traballo práctico	Traballo escrito de investigación,no que o alumno debe presentar un tema relacionado coa materia valorandose a profundidade con que se presentan os contidos así como a sua orixinalidade. Valorarase a calidade das fontes consultadas e a presentación,coherencia e corrección na redacción do traballo.	T1,T2,T3,T4,T6,T7, T8,T13,X9,X10,X12, X14,X15,X20,X25,E I6	40%
Exame escrito	Proba escrita na que se valorará a capacidade para comunicar de forma clara e sinxela o desenvolvemento das cuestións plantexadas.	T1,T2,T3,T6,T13,X9 ,X12,X14,X15,X20	60%
EXTRAORDINARIA			
Traballo práctico	Traballo escrito de investigación,no que o alumno debe presentar un tema relacionado coa materia valorandose a profundidade con que se presentan os contidos así como a sua orixinalidade. Valorarase a calidade das fontes consultadas e a presentación,coherencia e corrección na redacción do traballo.	T1,T2,T3,T4,T6,T7, T8,T13,X9,X10,X12, X14,X15,X20,X25,E I6	40%
Exame escrito	Proba escrita na que se valorará a capacidade para comunicar de forma clara e sinxela o desenvolvemento das cuestións plantexadas.	T1,T2,T3,T6,T13,X9 ,X12,X14,X15,X20	60%

ERASMUS

Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.

O alumnado procedente de países europeos será avaliado co mesmo criterio que o alumnado oficial. No caso de non completar un curso ou semestre enteiro, recibirá unha avaliación orientativa xunto cunha acreditación das horas lectivas realizadas, garantindo así a coherencia co sistema de orixe e o respecto á institución de destino. Naqueles casos que o Centro de orixe aconselle un repertorio determinado coa finalidade de defender un programa de Fin de Grao, o CSMVigo atenderá as casuísticas derivadas destas solicitudes.

En canto ao alumnado procedente de países non europeos, e recoñecendo o carácter inclusivo destas mobilidades, a avaliación combinará o rigor académico co respecto ás circunstancias individuais. Teranse en conta factores como a diversidade cultural, o proceso de adaptación e, de ser o caso, o impacto de situacións excepcionais ou de conflito nos países de orixe. A avaliación basearase nas competencias adquiridas, no progreso adquirido respecto ao nivel inicial e na actitude demostrada. As programacións e os obxectivos adaptaranse ás necesidades de cada participante, para garantir unha experiencia educativa xusta, enriquecedora e plenamente recoñecida.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	

8. Bibliografía, materiais e documentos

Baines, A. - Woodwindinstruments and their history. N. York. W.W.Norton &Co. 1962
Brown, C. - Classical and Romantic Performing Practice 1750-1900 (Oxford: Oxford University Press, 1999).
Bukopzer, M. - Music in the Baroque Era. N.York. W.W.Norton&Co., 1947.
Dart, T. - La Interpretación de la música (Madrid: A. Machado Libros, 2002).
Dibelius,U. - La música contemporánea a partir de 1945 (Madrid: Akal, 2004).
Donnington, R. - Baroque music. Style and Performance
Downs, P.G. - La música clásica (Madrid: Akal, 1998).
Fuzeau.J.M, - Méthodes e Traités Basson
Lawson, C. e Stowell, R. - La Interpretación Histórica de la Música: una introducción (Madrid: Alianza Editorial, 2005).
Mather .B.B and Lasocki.D, - Free Ornamentation in WoodWind Music 1700-1775
Mather, B.B. - Free ornamentation in Woodwind Music. N.York. Mc Ginnis & Marx, 1976
Mather, B.B. - Interpretation of French music 1675-1775. Id.1973.
Mather, B.B. - The classical woodwind cadenza. Id. 1978
Michael Talbot, - Vivaldi
Morgan, R.P. - La música del siglo XX (Madrid: Akal, 1994).
Mozart, L. - A treatise on the fundamental principles of violin playing (1753).(trad. inglesa). OxfordUniv. Press.
Neumann, F. - Ornamentation on the (Post-)Baroque music (with special emphasis on J.S.Bach). PrincetonUniv. Press, 1978.
Sadie, S. - The New Grove Dictionary of Musical Instruments
Sadie, S.e Jacobs, A. - The New Grove Dictionary of Music and Musicians (London: Macmillan, 1980)..
Tranchefort.F, - Los Instrumentos Musicales del Mundo
Veilhan, J.C. - Les Régles de l´Interprétation Musicale á l´Epoque Baroque Alphonse Leduc, 1982.
Vester, F. - W.A. Mozart: On the Performance of the Works for Wind Instruments. Broekmans&Van Poppel, 1999.

Programación Docente de Segundo instrumento - Fagot (I-VI)

Ensinanzas Superiores de Música Título superior de música (ensinanzas reguladas polo Decreto 163/2015 , do 29 de .outubro)

1. Identificación e contextualización

DISCIPLINA SEGUNDO INSTRUMENTO - FAGOT (I-VI)

ESPECIALIDADE									**ITINERARIO**	MÚSICA MODERNA
CARÁCTER	B) Obrigatoria								**TIPO DE CLASES**	Individual
DEPARTAMENTO	VENTO MADEIRA								**XEFE/A DO DEPARTAMENTO**	RICARDO PAZO
CURSOS	**1.º curso**		**2.º curso**		**3.º curso**		**4.º curso**		**COORDINADOR/A DA DISCIPLINA**	RICARDO PAZO
CUADRIMESTRE	I	II	III	IV	V	VI	VII	VIII	**Horas de clase**	0,5
ETCS/ CUADRIMESTRE	1,5	1,5	1,5	1,5					**Observacións**	

DOCENTES	**NOME E APELIDOS**	**MAIL/TEL/WEB**	**TITORÍA**
	ÓSCAR ARAÚJO COMESAÑA	oscararaujo@csmvigo.com	Venres 10:30 – 11:30

2. Descritor e competencias

Ver lista e descrición de competencias no anexo II do decreto 163/2015 (DOG do 16 de novembro de 2015)/171/2016

DESCRITOR	Adquisición de destrezas básicas para a interpretación musical cun segundo instrumento. Práctica da técnica instrumental e aprendizaxe do repertorio principal de nivel axeitado. Preparación para a interpretación en público, como solista ou formando parte dun grupo.
COÑECEMENTOS PREVIOS	Os requeridos na proba de acceso ao grao superior, e para cuadrimestres diferentes ao primeiro, coñecementos e habilidades adquiridas do cuadrimestre anterior.
RELACIÓN CON OUTRAS DISCIPLINAS	
TRANSVERSAIS	T1, T2, T3, T6, T15
XERAIS	X1, X3, X6, X11, X21, X24
ESPECÍFICAS	EPX5, EPX6, EPX7

3. Obxectivos

DESCRICIÓN	COMPETENCIAS RELACIONADAS
Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de xeito que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade do son. Empregar unha posición corporal que permita a colocación do instrumento tanto nunha posición erguida como sentada.	T1, T2, T3, T6, X6, X24, EPX5
Coñecer o fagot como instrumento musical: partes que o compoñen, a súa montaxe, nome das chaves, mantemento e hixiene. Coñecer o proceso de montaxe e raspado das cañas que permita dispoñer do material más axeitado as necesidades interpretativas.	T1, T2,T3, T6, X3, X24, EPX5
Aplicar a análise no estudo técnico e expresivo para unha mellor comprensión e interpretación do feito musical	T1, T2, T3, T6,X1, X3, X6, X11, X21, X24, EPX5, EPX6, EPX7
Interpretar obras e estudos de diferentes estilos en público con fidelidade ao texto e coherencia estilística	T1, T2, T3, T6, X1, X3, X11, X21, X24, EPX5, EPX6, EPX7
Participar nas diferentes agrupacións musicais como solista e/ou formando parte do conxunto interpretando obras de diferentes estilos e épocas, que permitan desenvolver os diferentes roles con autonomía.	T2, T3, T6, X1, X3, X6, X11, X21, X24, EPX5, EPX6, EPX7

4. Contidos

TEMAS	DESCRITOR SUBTEMAS	SESIÓNS
Técnica proposta	Cuatrimestres I-II Práctica das tonalidades de Fa Maior, Sol Maior e Do Maior. Edestramento da respiración diafragmática con e sen instrumento Práctica da emisión, e adestramento progresivo dunha embocadura axeitada. Cuatrimestres III-IV Práctica das tonalidades do curso anterior e os seus relativos menores con diversas articulacións e tipos de ataque. Edestramento da respiración diafragmática con e sen instrumento Práctica da emisión, e adestramento progresivo dunha embocadura axeitada.	TODAS
O estilo e a forma	Coñecemento sobre as estruturas musicais, fraseo, ornamentación, timbres, articulación e tempo e a súa adecuación aos diferentes estilos.	TODAS

A interpretación	Preparación dun programa integrado por repertorio para fagot que inclúa obras e estudos de estilos distintos. Adestramento permanente e progresivo da memoria. Práctica da concentración, control da tensión física e da respiración nas actuacións en público. Adestramento permanente e progresivo do xesto en relación co texto musical. Adestramento permanente e progresivo da comunicación. Emprego das novas tecnoloxías para potenciar a creatividade.	TODAS
Audicións	Interpretación nas audicións públicas organizadas polo departamento dun programa integrado por repertorio para fagot e orquestra e/ou repertorio solista, que inclúa 1 obras e 3estudos de estilos distintos, mostrando control técnico do instrumento, fidelidade o texto e coherencia no estilo interpretativo e en concordancia coa forma e estética das pezas.	2
	Total de sesións por cuadrimestre	**18**

5. Metodoloxía e Planificación Docente

TIPO DE ACTIVIDADE E DESCRICIÓN	HORAS PRESENCIAIS	HORAS NON PRESENCIAIS	TOTAL HORAS
Clases e tutorías	**8**		**8**
Audicións. Interpretación nas audición públicas. Organizaranse dous períodos de audición ao longo do cuadrimestre. Un deles realizarase ao fin deste. Nestas audicións, os alumnos deberán interpretar todo o material traballado no cuadrimestre. Valorarase a interpretación de memoria de parte do programa	**1**		**1**
Traballo persoal. Pescuda de información, análise, respiracións ou memorización dos novos traballos musicais. Revisión do tempo, fraseo, dinámicas, ornamentación, articulación, carácter e demais recursos musicais en base e súa análise e fontes documentais. Profundización no traballo realizado coa axuda das novas tecnoloxías		**36**	**36**
		Total de horas por cuadrimestre	**45**

6. Avaliación

FERRAMENTAS DE AVALIACIÓN	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	COMPETENCIAS AVALIADAS	PONDERACIÓN
ORDINARIA			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Con avaliación contínua)			
Traballo persoal	Valoraranse as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe. Valorarase a implicación do alumno/a e o progresivo desenvolvemento da súa capacidade crítica e autonomía.	TODAS	70%
Audición pública	Valorarase o control técnico, fidelidade o texto, e coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa forma e estética das pezas, a capacidade artística e de comunicación.	TODAS	30%
*As faltas de asistencia (3 faltas a clases de Cámara / Conxunto ou 4 faltas no resto das disciplinas) suporán a perda do dereito á avaliación continua. Cando isto aconteza, o profesor/a da disciplina actuará segundo o protocolo aprobado..			
AVALIACIÓN ORDINARIA (Convocatoria adiantada-Decembro-)			
Traballo persoal	Valoraranse as capacidades adquiridas conforme á superación das distintas fases da aprendizaxe. Valorarase a implicación do alumno/a e o progresivo desenvolvemento da súa capacidade crítica e autonomía.	TODAS	70%
Audición pública	Valorarase o control técnico, fidelidade o texto, e coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa forma e estética das pezas, a capacidade artística e de comunicación.	TODAS	30%
AVALIACIÓN ALTERNATIVA (*Para alumnado con perda da Avaliación contínua)			
Audición	Proba práctica: programa integrado por repertorio para fagot, que inclúa 1 obras de distintos estilos e 3 estudos acordados có docente, así como as tonalidades propostas no curso, mostrando control técnico do instrumento,fidelidade o texto e coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa forma e estética das pezas e a autonomía no desenvolvemento e aplicación destas.	TODAS	100%
EXTRAORDINARIA			
Audición	Proba práctica: programa integrado por repertorio para fagot, que inclúa 1 obras de distintos estilos e 3 estudos acordados có docente, así como as tonalidades propostas no curso, mostrando control técnico do instrumento,fidelidade o texto e coherencia no estilo interpretativo en concordancia coa forma e estética das pezas e a autonomía no desenvolvemento e aplicación destas.	TODAS	100%
ERASMUS			
Os/as alumnos/as oficiais que participen en programas de intercambio internacional, deberán aportar unha certificación dos créditos realizados e a cualificación obtida no centro de destino. En caso contrario deberán examinarse dos contidos establecidos para esta materia igual que os restantes alumnos/as oficiais. Si os contidos cursados no centro de destino non se corresponden cos desta programación, o departamento decidirá a forma de avaliar os contidos non realizados ou non superados.			
O alumnado procedente de países europeos será avaliado co mesmo criterio que o alumnado oficial. No caso de non completar un curso ou semestre enteiro, recibirá unha avaliación orientativa xunto cunha acreditación das horas lectivas realizadas, garantindo así a coherencia co sistema de orixe e o respecto á institución de destino. Naqueles casos que o Centro de orixe aconselle un repertorio determinado coa finalidade de defender un programa de Fin de Grao, o CSMVigo atenderá as casuísticas derivadas destas solicitudes.			

En canto ao alumnado procedente de países non europeos, e recoñecendo o carácter inclusivo destas mobilidades, a avaliación combinará o rigor académico co respecto ás circunstancias individuais. Teranse en conta factores como a diversidade cultural, o proceso de adaptación e, de ser o caso, o impacto de situacións excepcionais ou de conflito nos países de orixe. A avaliación basearase nas competencias adquiridas, no progreso adquirido respecto ao nivel inicial e na actitude demostrada. As programacións e os obxectivos adaptaranse ás necesidades de cada participante, para garantir unha experiencia educativa xusta, enriquecedora e plenamente recoñecida.

7. Alumnado con necesidades educativas especiais

DESCRICIÓN	CRITERIOS E PAUTAS
No marco do establecido no Real decreto lexislativo 1/2013, do 29 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral de dereitos das persoas con discapacidade e da súa inclusión social, deberanse cumprir as disposicións vixentes en materia de promoción da accesibilidade.	Aqueles que estableza a Consellería competente en materia de Educación.

8. Bibliografía, materiais e documentos

